

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de
Caparrini Marín, Natalia
Doval Ruíz, María Isabel
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Tabarés, José Luis
Ramos Cabrer, Manuel
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rubio Armesto, María Belén
Soto Carballo, Jorge Genaro
Souto García, Raquel
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel
Cuiñas Gómez, Íñigo
Currás Valle, Consuelo
Ferro Soto, Antonio Carlos
García Cutrín, Francisco Javier
García Señorán, M^a del Mar
Garrote Velasco, Gil
Lantarón Caeiro, Eva María
Lavilla Beltrán, Isela
Pardo Froján, Juan E.
Picos Martín, Juan
Reboreda Morillo, Susana
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Ruiz Hidalgo, Carmen

PDI-A

Collazo Fernández, Antonio
Falagán Mota, Jorge
Fernández Suárez, Emilio Manuel
Gómez Rodríguez, Alma M^a
Lorenzo Rodríguez, Edita de
Paz Penín, Concepción
Pazos Arias, José Juan
Peña Gallego, M^a de los Ángeles
Porteiro Fresco, Jacobo
Rivo López, Elena
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Ferreiro Vázquez, Óscar
Torres Outón, Sara M^a

ESTUDANTES

Couto Cancela, Daniel
Domínguez Blanco, Santiago
Rico Fuentes, Juan Jesús

PAS

Cebro Rodríguez, Xoán
Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL

Blanco Gómez, César
Calviño Rodríguez, Xulio
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Pazos Currás, Marta María
Pérez Gómez, Luis
Ríos Santomé, M^a José
Vera Isasa, María

INVITADOS

Montero Reguera, José Francisco

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 28 de xullo de 2020, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 28 de xullo de 2020 comeza a sesión, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, o secretario xeral e o vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado e outros seis membros asisten presencialmente no Paraninfo. Os restantes asistentes conéctanse on line, sen que consten particulares incidencias. Permítese asistir virtualmente, sen voz e sen voto, mediante un streaming con contrasinal por Uvigo TV. Previamente ao comezo da reunión, expúxose o seguinte aviso:

“Se hai problemas técnicos, inténtao de novo ou revisa se no teu correo te chega unha invitación a unha sala alternativa coa correspondente clave.

NORMAS

Conexión do micro e do vídeo:

- *Para a identificación dos membros por parte do secretario xeral (antes do inicio da sesión)*
- *Nas quendas de palabra.*

Intervencións: máximo 5 minutos

Uso do chat: para pedimentos de palabra e de “votación”.

En cada punto:

- *Proposta de aprobación por asentimento*
- *Petición de intervención coa palabra “debate” no chat (un minuto)*
- *Se non hai petición de “debate” e de “votación”, procederase á aprobación por asentimento*
- *Se hai petición de “votación”, farase coa ferramenta da que dispón a aplicación nun tempo limitado*
- *Suma dos votos das persoas conectadas e dos membros presentes no Paraninfo que non estean conectados e anuncio do resultado das votacións por parte do secretario xeral”.*

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria que manifestaron interese en asistir á reunión poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cunha contrasinal que se lles comunicará antes do comezo da mesma.

Os puntos da orde do día son os seguintes:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria, do 1 de xullo de 2020.

O secretario xeral informa de que se recibiu unha corrección á acta por parte de Antonio Collazo, quen matizaba unha frase propia, e que dita corrección foi incorporada á acta no sentido indicado polo solicitante.

Apróbase por asentimento a acta correspondente á sesión ordinaria do 1 de xullo de 2020.

2. Informe do reitor.

O reitor informa dos seguintes asuntos:

- Financiamento accións COVID: Anticipo da Xunta de Galicia: 966.000 € .
- Haberá un segundo pagamento ao final de ano (cartos que veñen do Ministerio) e outro o ano 2021.
- Debido ao retraso na consecución da primeira partida, o concurso non vai a estar ata a primeira semana de outubro.
- Renovación na CGIACA: Margarita Pino substitúe a Luis Muñoz. Agradece a ámbolos dous.
- 31 de xullo – 20 setembro: ACSUG verificará as guías docentes de grado e máster en canto ao plan de contingencias.
- Apertura de curso conxunta das tres universidades: terá lugar na nosa universidade o día 25 de setembro. Estamos a esperar a saber as condicións sanitarias, buscaremos un lugar axeitado e, probablemente, con presenza física dun número reducido de persoas (poderase seguir a través de campus remoto).
- CGIACA: a finais de xullo aprobaranse os complementos galegos.
- Informa que a cláusula de corrección atinxe só a 15 materias.

3. Aprobación, se procede, das modificacións oportunas no calendario académico do curso 20-21 que permitan aos centros adaptalo ás súas necesidades de organización docente.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, quen indica que tódolos centros que xa axustaron as clases ao calendario aprobado, non teñen que cambiar nada. Por outra banda, dada a petición da Facultade de CC. Económicas e Empresariais, extensible a outros centros que así o prefiran, o término de cada cuatrimestre poderá adiarse unha semana, sempre que non requira exceder os límites nas datas de apertura ou de entrega de actas. Asemade, aclárase que as datas de entrega de actas poderán adelantarse polos centros, sempre que non supoña cambios nas datas de apertura de acta. Proponse finalmente, se hai unanimidade, cambiar a data de entrega de actas do segundo período do venres 25 de xuño ao luns 28 de xuño. Este cambio non altera as programacións xa previstas polos centros.

Apróbanse por asentimento as modificacións propostas no calendario.

4. Aprobación, se procede, das memorias para as solicitudes de verificación e modificación de títulos de grao, máster e doutoramento.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado que expón as solicitudes de verificación e modificación de títulos de grao, máster e doutoramento. Trátase de catro graos, dos cales dous van a modificación (Bioloxía e Linguas Estranxeiras) e dous a verificación (Deseño e Filoloxía Aplicada Galega e Española), e sete másteres, dos cales catro van a modificación (Finanzas, Comercio Internacional, Dirección de Arte en Publicidade e Dirección de Pemes) e tres a verificación (Sistemas Aéreos non Tripulados, Dereito da Empresa e Ensinanza de Español como Lingua Estranxeira ou Segunda Lingua); un doutoramento en Educación, Deporte e Saúde quedou adiado. O vicerreitor explica brevemente as circunstancias de cada título. Insiste especialmente nas dificultades que pode ter o último máster apuntado, dado que o pretende asemade a USC e a proposta foi presentada conxuntamente pola Uvigo e a UdC.

Apróbanse por asentimento as solicitudes de verificación e modificación de títulos de grao, máster e doutoramento.

5. Aprobación, se procede, dunha comisión de servizos no departamento de Dereito público.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado quen sinala que a profesora Inmaculada Valeije, do departamento de Dereito público, solicitou unha comisión de servizos para a Universidade de Santiago de Compostela. A proposta conta con todos os vistos bos e se pide que sexa para o inicio do curso académico. O obxectivo é incorporarse para a xestión do grao en Criminoloxía.

Apróbase por asentimento a comisión de servizos solicitada.

6. Aprobación, se procede, das solicitudes de inicio da docencia na modalidade presencial cara ao comezo do curso 2020-21.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, quen indica as solicitudes recibidas de inicio da docencia en modalidade presencial para o comezo do curso 2020/21. O reitor agradece o esforzo dos centros neste asunto. O vicerreitor indica cales foron as solicitudes recibidas desde o anterior Consello de Goberno (foran 10 ata o de agora). O vicerreitor detalla as novidades recibidas, que foron axuntadas coa documentación para esta comisión. Expón as porcentaxes de presencialidade total e parcial segundo os distintos campus. Indica asemade as peticións recibidas de actividade docente nas semanas do 7 ao 18 de setembro.

Eva Lantarón solicita engadir algunha actividade presencial máis no seu centro e o reitor e o vicerreitor non lle ven problema.

Francisco J. Rodríguez comenta que van ir a unha totalidade de presencialidade en todas as materias, agás as que irán a docencia mixta, aínda que a proposta parece que non chegou á vicerreitoría, así como certas actividades na semana do 7 ao 18.



Mar García Señorán comenta que hai unha nova oportunidade no seu centro de TFG e TFM.

O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado solicita que se envíen correos electrónicos á vicerreitoría coas novas peticións.

Juan Pardo comenta que houbo unha xuntanza na comisión permanente do seu centro e que están a propoñer novas propostas cara a docencia presencial na totalidade das titulacións, incorporando novos espazos. Pensan que están en disposición de intentar a docencia en todos os cursos. Non puideron enviar antes a proposta. Son conscientes de que o reto é grande, pero posible no escenario actual. O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado pregunta se a proposta é 100% presencial en toda a escola e o director comenta que si. O vicerreitor indica que non lle ve problema.

Emilio Fernández sinala que lle falta información para a votación deste punto concreto, dado que non se recibiu información a este respecto, agás a que se remitira no consello anterior e que bota en falta nesta ocasión. Lembra as discrepancias a este respecto sobre o concepto de non presencialidade e quere saber se a forma en que se impartirá a docencia é aquela que xurdiu dos centros ou hai modificacións ao respecto. O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado responde que os centros están moi cargados de traballo e que a información chega a última hora. Non lle ve problema a xuntar toda a información cando estea recompilada e enviala. En canto á pregunta concreta, opina que as discrepancias sobre a docencia mixta desapareceron desde o momento en que a interpretación de tal concepto deixouse aos propios centros. Emilio Fernández entende que isto tamén o defendeu así desde o principio, aínda que lamenta as tensións que houbo, polas presións ás que foron sometidos os equipos directivos dos centros e cre que este acordo puido ser alcanzado antes e con menor fricción, aínda que se alegra do resultado final. Insiste na falta de información sobre o que se vai a aprobar e que o procedemento non é o mais regular, malia que é comprensible dada a situación e anuncia que non votará en contra. O vicerreitor estima que o espírito do acordo mantívose, dado que os centros eran os chamados a decidir sobre os métodos docentes, aínda que cre que o proceso de negociación foi normal, desculpándose se algún centro pensou que as actitudes non foron as mais axeitadas. O reitor lembra que houbo moitas reunións e pensa que o resultado é froito do esforzo de todos por ter o máximo nivel de presencialidade. Pensa que se pode aprobar hoxe aínda que a información non estea completa, de cara á información ao alumnado que vaise matricular. Entende que as propostas dos centros encaixan no acordo acadado no Consello de Goberno anterior. Cre que a Universidade de Vigo sae fortalecida neste asunto. Pregúntalle a Emilio Fernández se está de acordo en aprobar este punto por asentimento. Emilio Fernández indica que o seu voto non vai entorpecer este proceso, pero reitera a súa petición de información axeitada previa para poder fundamentar o voto, con carácter xeral, que entende falta nesta ocasión.

Juan Jesús Rico insiste en que falta información, en particular respecto ao proxecto da Escola de Enxeñaría Industrial, centro que afirma coñecer ben. Pensa que os espazos poden ser limitados. Insiste no caso do transporte a este centro, dadas as medidas de distancia de seguridade. Pregunta asemade pola reprografía e as medidas de seguridade na mesma. O reitor cede a palabra a Juan Pardo para que responda. Juan Pardo maniféstase a favor do sinalado por Emilio Fernández e descúlpase pola falta de información, que veu dada polas circunstancias cambiantes en que vivimos e a complexidade da planificación de espazos e grupos no seu centro, o maior da Universidade. Explica diversas actuacións que se levarán a cabo. O reitor da resposta ás preguntas de Juan Jesús Rico en canto á reprografía e o acceso ao Campus. Comprométese a achegar a información que vai

chegando sobre este punto da orde do día e anima aos centros a traballar polo maior grao de presencialidade posible.

Apróbanse por asentimento as solicitudes de inicio da docencia na modalidade presencial cara ao comezo do curso 2020-21.

7. Aprobación, se procede, do plan de retención de talento para o ano 2020.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación para que expoña o plan de retención de talento, que foi achegado co resto da documentación aportada á presente reunión. A vicerreitora detalla os puntos principais, como as bases da convocatoria, que son moi semellantes ás do curso anterior, e os prazos previstos para a presentación de solicitudes (do 20 ao 31 de agosto).

O reitor indica que na mesa de negociación acordouse levar uns criterios permanentes cara ao futuro e que haxa un plan de retención que se poida programar con maior antelación. Tamén sinala que o número de prazas dependerá sempre necesariamente das previsións orzamentarias.

Marta Pazos pregunta pola categoría prevista e Belén Rubio indica que o tipo de contrato é de investigador distinguido, aínda que coa remuneración de contratado doutor. Marta Pazos pregunta, por exemplo, pola prelación á hora de escoller no POD. A vicerreitora insiste en que o tipo de contrato é de investigador distinguido.

Emilio Fernández sinala que el sempre defendeu o plan de retención de talento, aínda que ten dúbidas respecto de como se está a implantar. Pensa que existe un grupo de posdoutorados/as de gran valía que debe ser retido dalgún xeito e que esa é a esencia do plan. Pensa que debe haber maior planificación, dado que moitas destas persoas están asociadas a áreas con gran folgora docente. Polo tanto, pregunta cantas prazas de retención de talento convén sacar cada ano, dado que afecta moito aos orzamentos. Pregunta cal é a planificación de futuro e por que varía a cantidade de prazas. Non ve a proxección de futuro que permita ver a carreira investigadora que se está a deseñar. O reitor comenta que hai unha ferramenta que estamos a valorar que permitirá estudar as folgoras e o factor de envellecemento do persoal, dadas as futuras xubilacións. Agora mesmo estanse a dar os pasos para a negociación dos orzamentos coa Xunta de Galicia. Quere facer constar que a planificación é complexa dadas as variables que hai que ter en conta, incluíndo o futuro mapa de titulacións. Pensa que as persoas a nivel posdoutoral que se incorporan á Universidade de Vigo deberían ter claras as súas posibilidades de integrarse na mesma. Fala particularmente da figura dos Ramón y Cajal, que teñen a súa traxectoria mellor definida. As prazas se repartirán, en todo caso, en función dos méritos e do que sinale a mesa de negociación.

Belén Rubio sinala que este ano ofértanse catro prazas para sete candidatos, aínda que os tres restantes poden entrar na lista de agarda para outras posibles prazas que se agardan. Polo tanto, entende que as previsións feitas son as correctas e que a Universidade de Vigo ten que facer este tipo de aposta. Con este sistema aspira a ir corrixindo as diferencias entre ámbitos e departamentos.

Apróbase por asentimento o plan de retención de talento para o ano 2020.

8. Aprobación, se procede, dos criterios de produción científica para o ano 2020.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación para que expoña os criterios de produción científica para o ano 2020, que foron achegados co resto da documentación aportada á presente reunión. A vicerreitora expón conxuntamente os criterios de investigación e de transferencia, indicando as variacións respecto do curso anterior, que son mínimas. Detalla cales son as modificacións nos criterios xerais en investigación.

Os cambios máis importantes corresponden a transferencia, estruturada en torno aos catro bloques propios do sexenio de transferencia. A continuación, indica as modificacións respecto da convocatoria do ano pasado, que son pouco relevantes e sobre cuestións formais e de definicións. Corrixíuse unha errata respecto das patentes e fíxose unha distinción en canto aos proxectos de cooperación internacional. O último cambio refírese aos apartados establecidos sobre as publicacións de divulgación científica.

Carmen Ruiz Hidalgo indica que a participación en capítulos de libros cando intervén toda unha área vale menos que respecto das participacións individuais, o que supón ao seu xuízo unha discriminación inxusta, dado que os libros resultado de proxectos deben ser publicados deste xeito. A vicerreitora explica como é o sistema de reparto de puntos, en función do número de participantes. Carmen Ruiz insiste en que neste caso o resultado é discriminatorio. A vicerreitora aclara mellor como é o sistema de publicacións, pero Carmen Ruiz insiste no prexuízo. O reitor estima que debeu tratarse dun erro e Carmen Ruiz indica que presentou alegacións, destacando que a explicación que lle deron na Vicerreitoría foi a que acaba de expoñer. O reitor e a vicerreitora indican que o examinarán. Carmen Ruiz indica que lle transmitirá a información á Vicerreitoría. Belén Rubio indica que tentou axustar a proposta as singularidades dos distintos ámbitos que se irán implementando co tempo. José Francisco Montero Reguera opina no chat que “axustar a PC e PT aos eidos de coñecemento sería un paso adiante magnífico. Canto antes”.

José Manuel Cruz Freire comenta un dos apartados da convocatoria de transferencia e pensa que falta algo na convocatoria, dado que non hai a explicación correlativa no anexo. Belén Rubio comento que non houbo cambios ao respecto e alude a nota c), pero José Manuel Cruz bota en falta a nota d) correlativa. A vicerreitora sinala que se pode engadir. Proponse quitar a referencia ao importe anual e deixar só o contrato de licencia, sen ter en conta as cantidades.

Apróbanse por asentimento os criterios de produción científica para o ano 2020.

9. Aprobación, se procede, dos criterios de produción de transferencia para o ano 2020.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación para que expoña os criterios de produción de transferencia para o ano 2020, que foron achegados co resto da documentación aportada á presente reunión, que foron expostos no punto anterior.

Apróbanse por asentimento os criterios de produción de transferencia para o ano 2020.

10. Aprobación, se procede, do regulamento de réxime interno da Escola de Enxeñaría Forestal.

O reitor cede a palabra ao director da Escola de Enxeñaría Forestal, quen indica que o texto inicial do Regulamento, aprobado pola Xunta da Escola, sen que houbera cambios fundamentais respecto do texto anterior, salvo a actualización correspondente. María José Ríos pide que se revise a linguaxe inclusiva e o galego. O reitor está de acordo.

Aprobase por asentimento o regulamento de réxime interno da Escola de Enxeñaría Forestal.

11. Aprobación, se procede, da modificación na normativa reguladora da comisión de mobilidade.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación para que expoña a modificación da normativa proposta, que consiste basicamente nun cambio respecto da composición da comisión de mobilidade. É unha comisión de tipo consultivo que nunca se constituíu e pensa que é importante facelo, modificándoa e renovándoa. Propón que se engada ao/á director/a da Área de Internacionalización, que actuará como secretario/a, así como á xefa do Servizo de Bolsas e a xerenta, e que se poida invitar a persoas alleas á mesma nos asuntos do seu interese. A modificación foi enviada.

Apróbase por asentimento a modificación da normativa reguladora da comisión de mobilidade.

12. Aprobación, se procede, do nomeamento de novos membros da comisión de mobilidade.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación para que indique cales son as persoas que serán nomeadas como novos membros da comisión de mobilidade. Pensa que debe existir unha representación axeitada do profesorado e do estudiantado en función do número de alumnado e da mobilidade dos centros. Detalla os nomes dos cinco profesores e dous alumnos.

Apróbase por asentimento o nomeamento dos novos membros da comisión de mobilidade.

13. Aprobación, se procede, do Plan de Prevención e Control de Centros (PPCC) da Universidade de Vigo.

O reitor indica que se está a traballar cos centros e co Servizo de Prevención e Riscos Laborais neste asunto e cede a palabra ao vicerreitor de Planificación e Sostibilidade, para que expoña o Plan de Prevención e Control de Centros (PPCC) da Universidade, que foi acompañado xunto co resto da documentación aportada á presente reunión e que xa se repartira entre os centros, con escasas modificacións.

Aprobase por asentimento o Plan de Prevención e Control de Centros (PPCC) da Universidade de Vigo.

14. Designación como representante da Universidade no consello de administración de Cidade Universitaria, S.A. da vicerreitora de Investigación, María Belén Rubio Armesto.

O reitor indica que é preciso proceder ao nomeamento da vicerreitora de Investigación como membro do consello de Cidade Universitaria S.A., en substitución dunha persoa que deixou o cargo.

Desígnase como representante no consello de administración de Cidade Universitaria S.A. á vicerreitora de Investigación, María Belén Rubio Armesto.

15. Quenda de intervencións.

O reitor da inicio á quenda de intervencións

José Manuel Cruz Freire fala do acordo do CG de 12 de xuño, sobre os orzamentos dos laboratorios docentes, que deberían manterse respecto dos anos anteriores. Entende que para facelo trátase dunha decisión política e que xa a tomou o Consello de Goberno. Pide que se cumpra o aprobado. O reitor sinala que non foi tanto un acordo como unha garantía persoal súa a este respecto, que dependerá das necesidades orzamentarias, dado que hai outros gastos urxentes, aínda que esta partida a considera fundamental. José Manuel Cruz insiste en que quedou reflectido como acordo na acta do Consello de Goberno.

Daniel Couto Cancela pregunta se se van a reactivar os procesos electorais na Universidade de Vigo. E prega que no comezo do curso se faga circular entre os estudantes, sobre todo de primeiro ano, o documento sobre a nova normalidade. O reitor indica que os procesos electorais retomaranse en setembro. O secretario xeral aclara que so é posible celebrar os procesos durante a docencia. Tamén comenta que se farán chegar as indicacións sobre a nova normalidade ao alumnado.

Carmen Ruiz Hidalgo pregunta polo grao en Relacións Internacionais do que se recibiron fichas das áreas. Ten varias dúbidas ao respecto. Pregunta sobre a constitución da comisión delegada da Universidade de Vigo e da Coruña e a designación dunha experta de fora da mesma, a profesora Laura Carballo. Pregunta se non se puidera elixir a profesores da Universidade de Vigo. Tamén por que non se enviou o plan de estudos e a memoria, así como as competencias. Ao seu xuízo non sabe por que a comisión elixiu certas materias. Pregunta por que da súa área elixiuse unha soa materia, cando propuxeron dúas, sen maior explicacións. Asemade, onde está a memoria. Pregunta por que non se traballa nun PCEO en relación con esta titulación. O reitor descúlpase polo envío das fichas nas que faltaba información. O nomeamento da profesora Laura Carballo dependeu das características diferenciadas desta titulación, como foi explicado no Campus de Ourense e buscou alguén independente de fora da Universidade de Vigo, dada a súa experiencia internacional. Quere que a titulación estableza ligazóns co resto do Campus. Busca un perfil parecido como decano comisario para esta titulación. Aclara que haberá un período de exposición pública para facer alegacións e que se creará unha nova facultade, que poderá nutrir de diversos PCEOs ao Campus de Ourense, que atraerán estudantes a outras titulacións. Agradece a labor da profesora Laura Carballo e que a traería á Universidade de Vigo sen dúbida. O reitor indica que buscaba un punto de vista diferente e imparcial, desde fora. Lembra o que se fixo coa titulación de Enxeñaría de Telecomunicacións. O plan de estudos foi froito de acordos coa Universidade de A Coruña, dado que alí substitúe a unha nova titulación. Carmen Ruiz Hidalgo entende que hai áreas súper representadas, á vista das titulacións que existen noutras universidades. Pensa que estamos



a facer a casa polo tellado. Entende que sería o momento de facer un plan de estudos que facilitase os PCEOs. Pensa que hai moito profesorado experto na Universidade de Vigo para facer este traballo. O reitor pensa que pode haber una falta de información a este respecto que haberá que corrixir.

Íñigo Cuiñas, comenta sobre el Plan Ultraia e indica que teñen que facer o informe e que falta tempo. Pensa que debería actualizarse mellor o portal de transparencia e que este tipo de procesos deberían axilizarse. O reitor comenta que haberá que examinar esta cuestión, dado que os datos deberían estar aí.

Juan Pardo sinala a importancia que teñen para a súa Escola os laboratorios docentes en relación coa intervención de Cruz Freire. Íñigo Cuiñas, súmase a este rogo. Entende que deberían ser coidadosos cos axustes na entrada do alumnado. Haberá que extremar a política de entrada para respectar os números. O reitor indica que falará deste asunto co delegado na CiUGA, intentando optimizar a captación de alumnado para a Universidade de Vigo en xeral.

O Reitor desexa un bo verán a todos e todas.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:33 h. do día 28 de xullo de 2020, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral